

## ACHEGAS DA CIG Á ESTRATEXIA DE INCORPORACIÓN PERSOAL INCENDIOS

### 1.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Para a CIG Autónoma é necesaria a apertura dunha mesa de negociación real. Non podemos quedarnos cunhas achegas con apenas un día de prazo para presentalas e sen un documento claro que defina a estratexia de incorporación de todo o persoal, despois de terse imposta desde o venres 8 a incorporación para o luns 11 de maio sen planificación e organización. Agradecemos, non obstante, a paralización desta medida e a continuidade da negociación nos comités de seguridade e saúde.

Aínda nunha situación excepcional coma esta, non partimos de cero e, por sorte, temos a infraestrutura necesaria e a base legislativa para establecer unha formulación efectiva na que a Administración non teña limitacións á hora de protexer ao seu persoal e as persoas usuarias dos seus servizos da infección polo coronavirus. A normativa de prevención de riscos laborais, o propio plantexamento da Xunta e o traballo do Servizo de Prevención de Riscos Laborais son a base dende a que comezar este traballo.

O Centro de Coordinación Operativa (en diante, Cecop) na súa reunión do 15 de marzo de 2020 aprobou o acordo mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG número 51, do 15 de marzo) no cal se establecen, en liñas xerais, os postos que se consideran esenciais para os efectos da súa prestación laboral presencial e se xeneraliza o réxime de teletraballo. O SPIF ten a consideración de servizo preventivo ademais de dispositivo de emerxencias no medio natural e rural (condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia. V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia).

É tamén esencial facer un traballo preventivo previo á campaña de alto risco, mais ao mesmo tempo debe garantirse a seguridade de todo o persoal fronte ao risco biolóxico do COVID-19 e establecer protocolos claros que definan unha estratexia de protección colectiva que evite a propagación nun servizo que ten a consideración de esencial. O traballo preventivo previo á campaña de alto risco, estará baseado fundamentalmente en garantir:

1. Limpeza e bo funcionamento dos puntos de auga
2. Que as pistas forestais estean en bo estado para poder acceder a calquera punto onde se poda producir un incendio forestal.
3. Actuacións preventivas nas zonas de interface.

Neste momento do *estado de alarma* incorporaranse ao traballo os técnicos, as técnicas, os/as axentes, os/as Bombeiros/as Forestais que estaban *localizables/teletraballando/voluntarios* coincidindo coa incorporación de aprox. 1000 traballadores/as de reforzo para a campaña de verán.

A aparición e a evolución pandémica do coronavirus COVID–19 exixiu a adopción de medidas preventivas para protexer a saúde do persoal empregado público. Ata o de agora, as medidas tomadas pola Consellería, frearon o contaxio do coronavirus por todo o dispositivo (salvo casos esporádicos). A incorporación de forma efectiva de todo o persoal, debe facerse de forma planificada previo análise das condicións e lugares de traballo que permitan compatibilizar a norma básica de separación física de 2 metros entre todas as persoas empregadas públicas.

Polo tanto o protocolo de incorporación efectiva de todo o persoal de incendios debe ter en conta as condicións específicas deste servizo e ter como base o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 (aprobado o venres 8 de maio). Deste xeito, deberá modificarse a *versión 4 do Protocolo de medidas de prevención do COVID-19 nos centros da Consellería do Medio Rural e servizos dependentes* e adecualo ao establecido nesta estratexia.

**O obxectivo fundamental desta estratexia será o de evitar por todos os medios que o SPIF se atope en cuarentena durante a época de alto risco ou mermado polo contaxio comunitario.**

En resume, a estratexia de incorporación fundaméntase nos seguintes piares temporalizados na seguinte orde:

**ANÁLISE PREVIO -> PLANIFICACIÓN PREVENTIVA -> FORMACIÓN -> MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PROTOCOLOS**

A continuación pasamos a detallar os distintos elementos propostos.

## **2.- ANÁLISE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E PLANIFICACIÓN DAS MEDIDAS PREVENTIVAS**

Este procedemento iniciarase cunhas actuacións preliminares nas cales se preparará o retorno dos traballadores, con atención a unha serie de parámetros, coa finalidade de adecuar as distintas fases da súa incorporación efectiva á implantación das medidas preventivas necesarias para garantir a protección da súa saúde.

Cómpre que teñamos unha radiografía precisa de cada traballador/a que se vaia a incorporar (número total, idade, patoloxías previas...), do número de centros de traballo (puntos de encontro/bases, casetas/torretas de vixilancia forestal, oficinas) e das funcións que van desempeñar.

A estratexia de incorporación debe fundamentarse en:

- 1. dar seguridade,**
- 2. transmitir certeza**
- 3. e minimizar os contaxios.**

En todo caso, para prestar o traballo de xeito presencial, deberanse ter en conta as seguintes medidas preventivas previas ante a consideración de servizo esencial e na procura de que non existan baixas en período de alto risco:

- Antes da incorporación deberían facerse probas PCR (ou outras probas testadas/homologadas de inmunidade) a todo o dispositivo. A maiores debería levar un control diario da temperatura corporal de cada traballador/a polo menos ao inicio da xornada laboral con termómetros dixitais de non contacto.
- Deberíase incorporar primeiro o persoal que está en situación de *localizable* e darlle unha formación específica para que poidan realizar o seu traballo con seguridade, tendo en conta a emerxencia sanitaria actual. No resto do persoal fomentárase o teletraballo e actuacións que impliquen o traballo individual.

De xeito xeral e, polo tanto, de aplicación a todo o procedemento de reincorporación ao posto de traballo, deberanse ter en conta as previsións respecto á conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal vulnerable e ás condicións do réxime de teletraballo detallados nos apartados específicos deste documento.

### **2.1.- Actuacións preliminares:**

As actuacións preliminares, previas por tanto á reincorporación ao traballo presencial de todo o persoal, iniciaranse cunha análise das medidas contidas neste documento e as actuacións necesarias para a súa posta en práctica. Estas actuacións terán unha duración dunha semana como mínimo, salvo que, en atención a criterios sanitarios, se acordase por indicación das autoridades competentes a súa ampliación.

Neste sentido, deberanse concretar os seguintes aspectos:

1. Identificar a todo o persoal e as súas funcións para determinar os riscos biolóxicos no desempeño das súas funcións.
2. Identificar os espazos de traballo compartidos nos cales se cumpre a distancia de seguridade de 2 metros (frontal, lateral e traseira) e aqueles outros nos que é preciso establecer medidas colectivas.

Débese ter en conta que a distancia de seguridade de 2 metros é unha distancia de separación persoal, polo que a referida medida aplícase de persoa a persoa. Respecto aos postos de traballo que se constate que non cumpren a separación de 2 metros, avalíase se, reordenando os postos de traballo, se pode conseguir a separación ou tomaranse outras medidas organizativas.

No traballo en oficinas con atención ao público seguirase o establecido no *Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 (aprobado o venres 8 de maio)*. No traballo de campo deberán

establecerse as medidas específicas que se desenvolva dunha análise de riscos biolóxicos específica tanto de traballo preventivo como de extinción de incendios.

## **2.2.- Planificación preventiva:**

Tras as actuacións preliminares que permitirán ter unha radiografía do distinto persoal, centros e medios do servizo de incendios ante a emerxencia sanitaria do coronavirus, desenvolverase a planificación preventiva que comportará as seguintes accións:

- Deseño dos protocolos preventivos necesarios para cada categoría e función.
- Establecemento das medidas organizativas colectivas para a acción preventiva.
- Formación específica fronte ao COVID-19 para todo o persoal agrupado por categorías.
- Implementación das medidas preventivas, adquisición de EPIs con stock suficiente.
- Resolver solicitudes de persoal sensible e conciliación familiar/laboral. Neste punto e mentres non estea resolto permanecerá na súa casa.

## **3.- MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE CARÁCTER PREVENTIVO.**

Para o desenvolvemento efectivo dos traballos e a incorporación das medidas preventivas colectivas que primen a separación física das persoas propoñemos as seguintes medidas organizativas de carácter xeral:

- 1) Escalonar as entradas (das brigadas e das motobombas) cada media hora para evitar a aglomeración de traballadores/as nos/nas puntos de encontro/bases, como medida excepcional e namentres estea presente a emerxencia sanitaria (levarase de forma urxente aos comités de empresa). Flexibilizar horarios de entrada e saída no resto de persoal e que coincidan no mesmo centro de traballo (especialmente centros de coordinación).
- 2) Establecer pautas de traballo que se especifican nos seguintes protocolos:
  - protocolo de incorporación ao traballo de Bombeiros/as Forestais,
  - protocolo de incorporación ao traballo de condutores/as de motobomba,
  - protocolo de incorporación ao traballo de vixiantes forestais
  - protocolo de incorporación ao traballo de emisoristas.
  - protocolo de incorporación ao traballo de axentes facultativos medioambientais.
  - protocolo de incorporación ao traballo de persoal técnico.
- 3) Un máximo de 4 compoñentes por vehículo (pick-up).
- 4) Tal como indican os protocolos de medio rural, se houbera máis de 4 compoñentes por brigada, o 5º compoñente (baixo instrucións do CCD e sempre dentro do seu marco legal), iría a completar outra brigada, acompañar ao condutor do motobomba, mantemento de instalacións, etc. Reforzarase o binomio brigada-motobomba tal e como establece o PLADIGA para minimizar o riscos de contaxio.
- 5) Outra opción, sería incorporación de quendas de 10 para brigadas e motobombas mantendo as horas escalonadas de entrada de forma excepcional namentras persista emerxencia

sanitaria e que sexa ratificada pola comisión do V convenio colectivo (baseado na PNL de reestruturación do servizo de incendios presentada pola CIG no ano 2018).

- 6) En todos os puntos de encontro/bases/casetas/torretas, estarán os protocolos impresos e plastificado.
- 7) Calendario de formación definido e detallado no apartado deste mesmo documento.
- 8) Establecer zona sucia e zona limpa en todos os lugares de traballo.
- 9) Stock de desinfectantes, bolsas de lixo, e reto material preventivo en todos os puntos de encontro/bases/casetas/torretas.
- 10) Revisión/estado dos puntos de encontro/bases/casetas/torretas por prevención de riscos laborais.
- 11) Establecer unha estratexia en prevención (se non houberse distancia de seguridade, levar o EPI).
- 12) Establecer unha estratexia para a extinción.
- 13) Enviar por correo aos concellos (que teñan convenio coa Xunta de Galicia) os protocolos de: pautas diarias de comportamento para evitar contaxios, hixienización, incorporación e formación para as brigadas e motobombas da campaña de verán.
- 14) De forma excepcional e ata o período de alto risco, as quendas de noite de brigadas de condutores de motobomba estarán localizables en casa a 30 minutos.
- 15) Deberá dispoñerse en todos os puntos de encontro de lavadora/secadora de un mínimo de 8kg para as tarefas de desinfección dos EPIs.
- 16) Favorecerase as quendas de 10 h en vixiantes e emisoristas, mentres dure a alarma sanitaria (deberá ser ratificado pola comisión de seguimento do V convenio colectivo).
- 17) Aplicar protocolo de rexistros nas zonas de atención ao público.

A continuación desenvólvense as medidas organizativas específicas para persoal de oficina:

1. Na entrada das dependencias instalárase un dispensador automático de gel hidroalcohólico, que será obrigatorio desinfectar as mans por todos aqueles usuarios que accedan o distrito.
2. Nas dependencias do distrito ou servizo provincial atenderase un máximo de 1 persoa, no caso de afluencia de máis administrados permanecerán fora das dependencias do distrito, Para eso colocárase un cartel indicando na porta de entrada.
3. Realizaranse as medidas necesarias para adaptar as instalacións da oficina ás distancias mínimas, gardando 2 entre ordenadores e cadeiras de traballo, e nos lugares de atención o público deberá dotarse dunha correcta sinalización para manter a distancia de seguridade entre o administrado e o persoal de distrito, e na medida do posible instalaranse unhas mámparas de cristal, tipo fiestra onde no caso de ter que acercarse o mostrador o administrado se atope co cristal ou metacrilato para dar maior seguridade o persoal.
4. Tanto para técnicos como para axentes como operador codificador e administrativo realizarase preferentemente teletraballo.
5. Para o distinto persoal técnico, na medida do posible terán despachos individuais, e no caso de ter que realizar atención o público realizarase preferentemente por teléfono ou medios telemáticos e nos casos de que non se poida realizar deste xeito, instalárase unha

separacións de despachos de mámparas de metacritalo separando os habitáculos, porase a mesma fiestra de atención o público.

6. Facilitarase na medida do posible o reparto do traballo administrativo (permiso de corta, informes, subvencións, permisos de queimas) todos estes documentos mandarase o correo corporativo e axilizarase a sinatura electrónica co certificado de pseudónimo por parte dos axentes, para poder enviar telematicamente todos os documentos que realicen-

7. As aplicacións informáticas exemplo Xlumes (programa para a redacción de partes de incendios) que se abran para poder acceder o programa dende o domicilio do axente.

8. Dar acceso e claves tanto o programa de queimas, programa de cortas, acceso a catastro a todos os axentes.

9. No caso de axentes realizaranse franxas horarias para acudir o Distrito e poder realizar as comprobacións administrativas de traballo de oficina, cun máximo de dous axentes por franxa horaria, e no distrito garantirase a separación mínima de ordenadores/cadeiras de 2 m.

◦8:30 a 10:30

◦10:30 a 12:30

◦12:30 a 14:30

◦15:30 a 17:30

◦17:30 a 19:30

◦19:30 a 21:30

Estas franxas horarias solicitaranse por parte dos axentes con cita previa, o entrar na quenda de traballo, para garantir que en todo momento non se encontren máis de 2 axentes por franxa horaria.

10. Para os vehículos compartidos proporcionarase unha funda de asento típica de cando se leva un coche o taller, e ademais da funda un gel hidroalcolico para todos os vehículos, e para todos os despachos e lugares de traballo do distrito, e puntos de encontro gel hidroalcolico.

11. Estudar a posibilidade de pasar de período ordinario a extraordinario (tanto en axentes como técnicos) o que evita a desinfección diaria dos vehículos e máis a aglomeración de persoal nas oficinas. Ata o comezo de alto risco no sería necesaria a presenza física da quenda de noite (pasando a estar localizable)

#### 4.- FORMACIÓN

A formación deberá ser impartida polo persoal que defina a Consellería do Medio Rural e que teña os coñecementos e experiencia nos contidos desenvolvidos (unha gran parte dos contidos poderá ser impartida polo persoal que se encarga da desinfección, xa que, levan moito tempo aplicando os protocolos da Consellería con moita seguridade).

Acompañamos do seguinte plan formativo:

| <b>FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA O SPIF ANTE A EMERXENCIA SANITARIA DO COVID-19 (TRABALLADORES/AS DE 12 E 9 MESES)</b>   |                        |                         |               |
|--|------------------------|-------------------------|---------------|
| <b>RESPONSABLES DE BRIGADA E BOMBEIROS/AS FORESTAIS CONDUCTORES/AS DE MOTOBOMBA</b>  |                        |                         |               |
|  | MAÑÁ<br>2 h (de 10-12) | TARDE<br>2 h (de 17-19) | TOTAL PERSOAS |
| LUNS   | 10 pers.               | 10 pers.                |               |
| MARTES   | 10 pers.               | 10 pers.                | 50 *          |
| MÉRCORES   | 10 pers.               |                         |               |
| CONTIDO DA FORMACIÓN   |                        |                         |               |
| <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pautas de comportamento diario ante o Covid-19.</li> <li>2. Práctica na preparación de disolucións específicas para a hixienización.</li> <li>3. Práctica na hixienización de instalacións (puntos de encontro/bases).</li> <li>4. Práctica na hixienización de vehículos.</li> <li>5. Práctica na hixienización da ferramenta.</li> <li>6. Práctica en pór, quitar e hixienizar EPI's.</li> <li>7. Práctica na implementación dos protocolos en traballos de prevención e extinción. <a href="https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus">https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus</a></li> </ol> |                        |                         |               |
| <b>VIXIANTES FORESTAIS E EMISORISTAS</b>   |                        |                         |               |
|  | MAÑÁ<br>2 h (de 10-12) | TARDE<br>2 h (de 17-19) | TOTAL PERSOAS |
| XOVES  | 5 pers.                | 5 pers.                 | 10 *          |
| CONTIDO DA FORMACIÓN   |                        |                         |               |
| <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pautas de comportamento diario ante o Covid-19.</li> <li>2. Práctica na hixienización de oficiñas e postos de vixilancia cos produtos axeitados. <a href="https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus">https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus</a></li> </ol>  |                        |                         |               |
| FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA TÉCNICOS/AS E AXENTES  |                        |                         |               |
|  | MAÑÁ<br>2 h (de 10-12) | TARDE<br>2 h (de 17-19) | TOTAL PERSOAS |
| VENRES   | 12                     | 12                      | 24*           |
| CONTIDO DA FORMACIÓN   |                        |                         |               |
| <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pautas de comportamento diario ante o Covid-19.</li> <li>2. Práctica na preparación de disolucións específicas para a hixienización.</li> <li>3. Práctica na hixienización de oficinas.</li> </ol>   |                        |                         |               |

4. Práctica na hixienización de vehículos.
5. Práctica en pór, quitar e hixienizar EPI's.
6. Práctica na implementación dos protocolos en traballos de prevención e extinción. <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>

. Tras a formación, incorporaranse ao traballo efectivo na quenda que lle corresponda cumprindo os protocolos de seguridade.

Acompañamos do seguinte plan formativo:

### FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA O SPIF ANTE A EMERXENCIA SANITARIA DO COVID-19

#### (TRABALLADORES/AS DE 6 MESES)

#### RESPONSABLES DE BRIGADA E BOMBEIROS/AS FORESTAIS CONDUCTORES/AS DE MOTOBOMBA

|        | MAÑÁ<br>2 h (de 10-12) | TARDE<br>2 h (de 17-19) | TOTAL PERSOAS |
|--------|------------------------|-------------------------|---------------|
| LUNS   | 10 pers.               | 10 pers.                |               |
| MARTES | 10 pers.               | 10 pers.                | 40 *          |

#### CONTIDO DA FORMACIÓN

1. Pautas de comportamento diario ante o Covid-19.
2. Práctica na preparación de disolucións específicas para a hixienización.
3. Práctica na hixienización de instalacións (puntos de encontro/bases).
4. Práctica na hixienización de vehículos.
5. Práctica na hixienización da ferramenta.
6. Práctica en pór, quitar e hixienizar EPI's.
7. Práctica na implementación dos protocolos en traballos de prevención e extinción. <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>

#### VIXIANTES FORESTAIS E EMISORISTAS

|          | MAÑÁ<br>2 h (de 10-12) | TARDE<br>2 h (de 17-19) | TOTAL PERSOAS |
|----------|------------------------|-------------------------|---------------|
| MÉRCORES | 7 pers.                | 7 pers.                 | 14 *          |

#### CONTIDO DA FORMACIÓN

1. Pautas de comportamento diario ante o Covid-19.
2. Práctica na hixienización de oficina e postos de vixiancia cos produtos axeitados. <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>



\* *Cálculo aprox. / Distrito.*

## **5.- PROTOCOLOS OPERATIVOS:**

Consideramos que os protocolos operativos actuais e revisados que se atopan no seguinte enderezo <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>, aos que se engadirán os aportados no comité de seguridade e saúde, son suficientes no seu detalle.

A medida que avance o coñecemento sobre o coronavirus deberían actualizarse.

A listaxe de protocolos que comporá a estratexia preventiva é a seguinte:

- Protocolo de desinfección no exterior dos centros
- Documento específico de disolucións para desinfección
- Protocolo de protección respiratoria ante contaxio por COVID-19
- Protocolo de operatividade de brigadas e motobombas (versión 4)
- Protocolo de hixienización en oficinas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, despachos e emisoras do CCC, CCP e CCD e puntos de vixilancia dos Distritos Forestais (versión 4)
- Protocolo de hixienización de vehículos compartidos en Distritos Forestais (Xefatura de Distrito, Técnicos/as, Brigadas e Motobombas), Servizos Provinciais de Prevención de Incendios Forestais, Dirección Xeral de Defensa do Monte
- Protocolo de hixienización dos vehículos motobomba do SPIF
- Protocolo de hixienización dos vehículos técnico/a do SPIF
- Protocolo de hixienización dos vehículos axentes do SPIF
- Protocolo de hixienización dos vehículos pick-up brigadas SPIF
- Base helicópteros: Pautas en estado de alarma por COVID-19
- Protocolo de incorporación ao traballo de Bombeiros/as Forestais.
- Protocolo de incorporación ao traballo de condutores/as de motobomba.
- Protocolo de incorporación ao traballo de vixiantes forestais.
- Protocolo de incorporación ao traballo de emisoristas.
- Protocolo de incorporación ao traballo de axentes facultativos medioambientais.
- Protocolo de incorporación ao traballo de persoal técnico.

A maiores quedaría por deseñar un protocolo específico para o funcionamento dos centros de coordinación no que se determine cantas persoas poden estar, cambio de quendas con incendios activos e necesidade de desinfección, uso de medios colectivos, etc.

## **6.- PERSOAL SENSIBLE:**

Dentro das actuacións preliminares e antes da reincorporación efectiva do distinto persoal, aquelas persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou afección que implique a súa consideración como grupo vulnerable realizarán unha solicitude ao servizo de persoal da xefatura territorial correspondente para que resolva a súa situación tendo en conta ás seguintes consideración:

- O persoal que se inclúe como grupo vulnerable é o que presenta algunha das seguintes doenzas ou situacións persoais: *enfermidade cardiovascular/HTA; diabetes, enfermidade*

*pulmonar crónica, inmunodeficiencia; cancro en tratamento activo, maiores de 60 anos ou embarazo.*

- Solicitamos a revisión da Guía de actuación preventiva ante o coronavirus no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 74, de 17 de abril), mediante a que se establecía o protocolo interno de actuación á hora de abordar a prevención da infección do coronavirus, dende a óptica da súa prevención no terreo laboral, así como os mecanismos de protección dos/as traballadores/as, con especial referencia aos potencialmente sensibles, xa que de aplicarse tal e como está descrito, pon en grave risco ao persoal. Solicitamos que cautelarmente mentres non se negocie e modifique e mentres non se resolva o trámite polo que se determine a vulnerabilidade do persoal para a determinación do traballador sensible non se incorpore a actividade presencial.
- Ata que non estean resoltas as solicitudes de persoal sensible, a persoa solicitante non se incorporará ao seu posto de traballo de forma efectiva.

A maiores a Consellería deberá axustar a súa actuación ao establecido no primeiro parágrafo do PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA OS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCO LABORAIS FRENTE Á EXPOSICIÓN AO SARS-CoV-2, pois segundo Inspección de Traballo (Requirimento denuncia MR en Pontevedra) enténdese que os pasos determinados na súa guía para determinar a especial sensibilidade dos traballadores dilata no tempo o procedemento e podería por en perigo ao persoal que durante lña tramitación debe incorporase ao posto.

## **7.- PERSOAL CON NECESIDADES DE CONCILIACIÓN LABORAL-FAMILIAR**

Dentro das actuacións preliminares e antes da reincorporación efectiva do distinto persoal, aquelas persoas que teñan necesidades de conciliación laboral-familiar realizarán unha solicitude ao servizo de persoal da xefatura territorial correspondente para que resolva a súa situación tendo en conta ás seguintes pautas:

- Poderá prestar ou seguir prestando o seu traballo en réxime de teletraballo o persoal que poda desempeñar así o seu traballo e teña ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores, e non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral. Este réxime especial de teletraballo só se poderá conceder a un traballador para o caso en que houbese dous ou máis empregados públicos conviventes en que se dea a mesma circunstancia.
- Esta mesma previsión seralles de aplicación ás empregadas públicas embarazadas.
- Neste sentido, entenderase por teletraballo non só aquel que se poida realizar por medios telemáticos senón tamén o despacho ordinario de asuntos desde o domicilio particular, é dicir, aquela modalidade de prestación de servizos en que o persoal empregado público desenvolva as tarefas asignadas ao seu posto de traballo fóra das dependencias da Administración autonómica.
- Con respecto ao persoal que non poda desempeñar o seu traballo en réxime de teletraballo poderá desempeñar a súa prestación de traballo en quendas que se adecúen a súa conciliación tendo en conta os calendarios establecidos ou específicos se fora necesario. Ata



que non estean resoltas as solicitudes de conciliación, a persoa solicitante non se incorporará ao seu posto de traballo de forma efectiva.

- A xefatura de persoal establecerá as medidas organizativas necesarias para a adecuación das solicitudes xustificadas de conciliación.